

# CAMPAÑA



# PONILLE O CHIP

Do 15 de xullo ao  
1 de novembro do 2010



Hospital Veterinario  
**RAMIRO TUBIO**



A identificación individual con microchip é obrigatoria:

- Para todos os cans desde xullo de 2003 (Decreto 90/2002 do 28 de febreiro).

### *¿Qué é un microchip?*

É un dispositivo electrónico diminuto que se implanta baixo a pel do pescozo do can, mediante una inxección, e aporta a cada animal un código individualizado. O código de microchip léese mediante lectores electrónicos dos que dispoñen os axentes da autoridade e os veterinarios actuantes do REGIAC (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía).

### *¿Qué vantaxes ten o microchip para min e para o meu can?*

- É unha identificación que aporta a cada animal un código que será recoñecido durante toda a súa vida.

- Garante unha implantación rápida, indolora e invisible.

- Facilita a recuperación de animais extraviados ou roubados.

- Axuda a garantir un control sanitario da poboación canina.

A Concellería de Medio Ambiente do Concello de Boiro en colaboración co Centro Veterinario Barbanza e o Hospital Veterinario Ramiro Tubío, inicia una campaña de identificación dos cans mediante a implantación de microchips. O obxectivo da campaña é reducir a taxa de animais abandonados, identificar aos que se atopan extraviados e verificar o cumprimento da normativa.

### **FASES DA CAMPAÑA:**

- 1.- Por parte de persoal autorizado do Concello de Boiro procederase a informar da campaña a toda persoa que circule cun can.
- 2.- Dende o 15 de xullo ata o 1 de novembro do presente ano, calquera propietario dun can deste Concello que non conte con microchip, poderá beneficiarse dun prezo reducido de 28 euros/can (25 euros no caso de 3 ou máis cans dun mesmo titular) en virtude do acordo entre o Concello e os centros veterinarios de Boiro.
- 3.- Rematado o período, procederase a realizar una comprobación do cumprimento de esta identificación.
- 4.- Os propietarios que non cumpran coas súas obrigas, serán sancionados.

### **INFORMACIÓN:**

Pódese atopar máis información da campaña consultando:

Páxina do concello	<a href="http://www.boiro.org">www.boiro.org</a>
Dpto. medioambiente	981.844.800
<a href="mailto:medioambiente@boiro.org">medioambiente@boiro.org</a>	
Hospital Veterinario Ramiro Tubío	981.842.784
Centro Veterinario Barbanza	981.848.118

## ***¿Qué obrigas teño como dono dun can?***

O regulamento municipal de animais domésticos e salvaxes en cativeiro (BOP do 21 de decembro do ano 2000) e a ordenanza reguladora da licenza pola tenza de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro e da sección local do rexistro de animais de compañía (BOP do 22 de xaneiro do 2003) establece unhas normas para a posesión e protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro no territorio municipal do concello de Boiro, sendo sancionables os seguintes feitos:

- Está absolutamente prohibido o abandono de animais (infracción moi grave)

- Non inscribir aos animais potencialmente perigosos no censo municipal (infracción moi grave)

- Que o animal orixine unha situación de perigo, riscos ou molestias graves para as persoas (infracción grave)

- A circulación de cans polas vías e lugares de tránsito público sen iren suxeitos por unha correa ou cadea (infracción grave)

- Non identificar aos animais maiores de 3 meses por medio de sistemas aprobados regulamentariamente (microchips) (infracción grave)

- Non retirar as deposicións das vías ou espazos públicos (infracción leve)

- Está prohibida a circulación e estadia de cans nas praias e nos espazos públicos de acceso a elas ou o servizo dos seus usuarios no período do 1 de xuño ao 30 de setembro de cada ano. (infracción leve). Exceptúanse os cans de guías de invidentes e minusválidos

As cuantías das infraccións van desde os 30 € ata os 15.025 €